

caderno

caderno gráfico

Exploracións con técnicas gráficas
no deseño téxtil

Casa Galega da Cultura

30 / 06 / 22 - 4 / 09 / 22



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa Galega da Cultura



Tracker
LABORATORIO VISUAL

Mestrado en Deseño
e Dirección Creativa en Moda
Universidade de Vigo

Extensión Universitaria
Universidade de Vigo

gráfico

Na imaxe: proxecto de África Abadín / Modelo: Antón Portela

África Abadín
Alejandro Sierra
Anaïs Kerbrat
Denise Pena Lestón
Lucas Cabaleiro
Lupita Hard
Noemí Montenegro
Sabela Juncal
Silvia Marra

X caderno gráfico

Exploracións con técnicas gráficas no deseño téxtil

A linguaxe gráfica aplicada na moda ten un longo percorrido. Ao longo do século XX, e especialmente nas décadas que levamos do XXI, son moitos os/as artistas e deseñadores/as que teñen colaborado con marcas de moda, trasladando a súa linguaxe gráfica a diferentes produtos. Algúns coa idea de difundirle a arte a unha parte da sociedade á que dificilmente chegaría doutro xeito (Raoul Dufy, Picasso ou Dalí); outros dentro dunha tendencia cada vez maior de colaboracións arte-moda como estratexia de comunicación e posicionamento de marca (Daniel Buren, Takashi Murakami ou Damien Hirst).

A diferenza das propostas de *Caderno gráfico. Exploracións con técnicas gráficas no deseño téxtil*, aquí os creadores e creadoras mergúllanse en todo o proceso conceptual, estético e formal das pezas finais. Non levan a súa linguaxe estética ás pezas doutros, senón que as propostas gráficas e as técnicas utilizadas afectan á formalización global. Patróns, tecidos, acabados, gráfica..., todo responde a un mesmo proceso de conceptualización, de aprendizaxe, de ensaio, de erro...; un acto de creación completo onde se dá unha implicación persoal e creativa moi profunda, onde o procedemento, a técnica e o concepto son determinantes. Unha creación máis próxima á performatividade de Alexander McQueen sobre o vestido de Shalom Harlow (1999) ca ás incursións na moda dos creadores citados con anterioridade.

O traballo gráfico e a metodoloxía centrada na experimentación e no proceso artístico forman parte do ADN dos estudos de Esdemga e do Mestrado universitario en deseño e dirección creativa en moda. As sinerxías establecidas ao compartir espazos de formación con outras ensinanzas artísticas, así como os talleres e as tecnoloxías que o estudantado emprega libremente, reflíctense á perfección nas propostas creativas desta mostra. Os deseñadores e deseñadoras son xenerosos ao deixar que nos asomemos ao seu proceso de creación a través de probas ou de documentos que a miúdo fican ocultos.

Estes proxectos responden, ademais, á realidade social e cultural das súas creadoras e creadores, unha xeración con «apetito constante de coñecemento» que busca «unha conexión emocional coas marcas a través dunha narración significativa» –destacaban no informe anual de Burberry en 2019–, e a pandemia non fixo máis ca intensificar esta visión da moda nas novas xeracións. Na gráfica reside o concepto destas creacións. Sen traballo gráfico estes proxectos estarían baleiros de significado.

A conceptualización, o punto de partida do proceso creativo, é diverso. Nalgunhas propostas a mirada

vólvese á infancia ou á intimidade familiar; noutras diríxese a lugares máis remotos como o espazo exterior ou a culturas como a americana ou a asiática.

Lupita Hard toma a historia do graffiti e o contexto sociocultural de Nova York dos anos setenta para crear unha linguaxe gráfica persoal, que pon en dúbida o propio concepto de graffiti cando se usa como simple estampado de moda carente de fondo conceptual. Nas súas pezas de roupa hai unha intencionalidade e unha adaptación da linguaxe ao medio. A artista realiza unha intervención en graffiti específica para esta montaxe en sala.

Lucas Cabaleiro reflexiona sobre a identidade e o traxecto dos eternos buscadores, dos viaxeiros sen destino, dos centauros do deserto. No seu proxecto *Godspeed*, John Wayne únese ás tribos Sukeban do Xapón dos anos oitenta mediante símbolos gráficos de creación propia mesturados con imaxes e con logotipos apropiados, que nos remiten ao mundo do motor e á cultura americana. A máquina láser e moitas horas investidas en probas de intensidades ou lixados conseguiron que esas gráficas estean gravadas sobre tecido vaqueiro ou coiro.

En *Fire in the sky*, **Denise Pena Lestón** pregúntase que farían uns alieníxenas se chegasen á Terra e quixesen pasar desapercibidos. Relendo o imaxinario dos avistamentos ovnis no territorio norteamericano e os encontros do terceiro tipo, diseña unha serie de estampados e de rapports onde xoga con ironía e con dicotomías entre o estraño e o mainstream, o analóxico e o dixital. O seu proceso de traballo, de feito, describe en ocasións un percorrido inverso ao doutros deseñadores, creando estampados en formato dixital para logo aplicarlos directamente pintados a man sobre tecido. Noutras ocasións, utiliza a impresión por sublimación ou por procesos serigráficos despois de tratar dixitalmente debuxos a man alzada.

Alejandro Sierra tamén bota a mirada ao continente americano, pero no seu caso faino á rexión do Caribe, á estética costeira-colombiana e á mestura cultural que se dá na zona dende o século XVI coa fundación de Cartaxena de Indias. Sierra busca, a través da moda, trasladar o mesmo orgullo cultural que fai a música con novos xéneros e artistas; a mestura de elementos tradicionais cunha carga patrimonial relevante con novas tinturas da cultura urbana e dixital. E faino desenvolvendo múltiples estampados con certo aire naïf e cores esaxeradas, con máscaras precolombianas sempre presentes, reinterpretando a cara Kuá e buscando unha solución gráfica que evite apropiacionismos indebidos ou conflitivos.

Anaïs Kerbrat utiliza unha linguaxe gráfica aparentemente naïf que profunda, non obstante,

en temas tan complexos como os límites nas identidades de xénero ou os conceptos de sexo e de sexualidade dunha sociedade supostamente aberta e madura que censura as mamilas femininas en todo tipo de imaxes. Precísase unha ollada de preto para apreciar a fina ironía coa que mestura e crea formas a partir de figuras eróticas, de elementos que enraízan coa relixión ou de galos, un símbolo co que a deseñadora fai unha chiscadela á súa orixe portuguesa.

Á orixe, ao doméstico e á infancia acoden tamén **Sabela Juncal**, **Noemí Montenegro** e **África Abadín**. A primeira emprega serigrafía e sublimación, pero tamén debuxo a man con lapis ou con bolígrafo directamente sobre os tecidos para adentrarse na reflexión sobre a vida cotiá e o fogar. A súa visión dos elementos é similar á que un faría observando unha casa de bonecas: tabiques, escaleiras, bonecos, obxectos... Non só os estampados se refiren ao ámbito doméstico, senón que os tecidos empregados proceden del, como sucede coa saba que despois de 29 anos gardada no faiado familiar –dote de voda de seus pais– foi o xerme do proxecto de Montenegro. Intervencións gráficas aplicadas con láser, con serigrafía, con sublimación ou con estampado dixital, as pezas de 78,17 MB son unha homenaxe á memoria íntima da figura da avoa da creadora, pero poderían selo tamén á memoria colectiva da tradición e dos costumes de calquera casa do rural galego.

Un pouco máis lonxe viaxa Abadín cos seus referentes: a mirada da sociedade francesa dende o punto de vista de *Le petit Nicolás*. O mundo do absurdo, da caricatura, da inocencia coa que René Goscinny e Jean-Jacques Sempé lles mostran ás persoas adultas dende a perspectiva dun neno. Unha aparente simplicidade conceptual con gran carga de ironía soportada por unha linguaxe gráfica de liñas que, neste caso, a deseñadora toma como base da súa colección.

Unha exaltación do proceso e do traballo de taller é o proxecto *B. 43.833-1985* de **Silvia Marra**, onde as pezas de roupa son, ao mesmo tempo, pezas finalizadas e caderno de campo. A creadora foi traballando no concepto á vez que interviña sobre os tecidos: unha vez que os amidonaba, os cortaba e os estampaba, metíalos na súa Olivetti como se das páxinas dun libro se tratase. Fragmentos de lecturas, de conversacións, imaxes de obxectos ou interlocutores...; as pezas convertéronse nun arquivo persoal dun proceso creativo.

Esa mirada aberta ao acto creador, a unha metodoloxía procesual e artística no deseño de moda, onde o camiño se vai marcando a medida que avanza a gráfica, é o punto de unión de todas as propostas que podemos ver en *Caderno gráfico. Exploracións con técnicas gráficas no deseño téxtil*.

